



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 07)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño.

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de febreiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de febreiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI E TRABADA, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Castro de Rei e Trabada, no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.



Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración.

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, así como conta xustificativa da mesma, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CASTRO DE REI	57	INSTALACIÓN DE FILTROS NA ETAP DE RAMIL	1610.76201	3.103,17€

Así mesmo, por escrito de data 16/12/2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
CASTRO DE REI	REM	REPARACIÓN DAS FONTES DE PREVESOS	1610.76201	1.223,02€	3.103,17€	4.326,19€

Concello de Trabada

O Concello de Trabada presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRABADA	308	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS EN LAMELAS, O PIBIDAL, A BARREIRA, LENDECOIRA E TRABADELA	1531.76201	2.409,60€

Así mesmo, por escrito de data 31/01/2020, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
TRABADA	REM	PAVIMENTACIÓN ACCESO A CARRIS	1531.76201	724,35€	2.409,60€	3.133,95€

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos Concellos, no Plan Único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Castro de Rei e Trabada e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicación e xustificacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
CASTRO DE REI	REM	REPARACIÓN DAS FONTES DE PREVESOS	1610.76201	1.223,02€	3.103,17€	4.326,19€
TRABADA	REM	PAVIMENTACIÓN ACCESO A CARRIS	1531.76201	724,35€	2.409,60€	3.133,95€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA: LUGO PROVINCIA CARDIOSALUDABLE, E DO CONVENIO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ADHERIDOS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Antecedentes

A finalidade institucional básica da Provincia vén constituída pola Cooperación e asistencia aos concellos. Neste orde de cousas, a Deputación está a desenvolver o Programa: Lugo. Provincia Cardiosaludable. Programa por medio do que se pretende dotar, nunha primeira fase, dun desfibrilador aos concellos da provincia que formalizaron a adhesión ao programa, instrumento que vén amosando a súa eficacia como medio preventivo de tratamento crises cardíacas.

Os desfibriladores colocados de forma estratéxica no termo municipal para seren accesibles tanto aos profesionais da saúde, como a calquera cidadán, teñen probado a súa eficacia fronte ás situacións de parada cardiorrespiratoria aumenta notoriamente as posibilidades de supervivencia.

Para a consecución deste obxectivo, unha provincia cardiosaludable, a Deputación por en marcha este programa de cooperación cos concellos polo que financiará a adquisición dos desfibriladores e a formación do persoal municipal responsable do funcionamento dos mesmos.

A tal efecto a Deputación procederá á contratación conxunta da subministración dos desfibriladores con destino aos concellos adheridos ao Programa, dadas as economías de escala existentes neste tipo de subministracións.



Co convenio cuxa aprobación se propón instrumentábase a cooperación entre a Deputación provincial e cada un dos concellos asinantes, con fundamento no interese común que ámbalas dúas institucións comparten é que ten como finalidade o exercicio de competencias propias. Así, por un lado, a Deputación cumpre unha finalidade institucional básica e os concellos dótanse dun instrumento que incide directamente na atención preventiva da veciñanza e demais usuarios da sede do Concello e doutras edificacións de concorrencia pública.

Co este programa impleméntase a cooperación horizontal público-público cooperación é ao, mesmo tempo, coa contratación conxunta da subministración dos desfibriladores, perséguese lograr economías de escala, de forma que, o prezo unidade sexa inferior a adquisición da mesma por cada concello individualmente.

Son competencias propias da Deputación, de conformidade con canto se establece polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso: “A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión...” – artigo 36.1.b da mesma.

Así mesmo, O artigo 30 o real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala no seu artigo 30.1) que: “A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

Medios económicos propios da mesma que se asignen.

Sinalando o parágrafo 2º) do citado artigo que “ A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados”.

(...)

A subscrición de convenios administrativos configúrase como unha das formas de cooperación polo artigo 30.6.

Neste mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nomeadamente nos seus artigos 109 a 116 respectivamente.

Os convenios constitúen o instrumento de cooperación preferente, fronte a personificación de estruturas intermedias, segundo se establece polo artigo 57 da Lei 7/1985 e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 86 establece que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ...”.

No orzamento aprobado para o exercicio 2020 prevese un crédito de 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1350.65009.

Pola xefatura do servizo de Cooperación e Proxectos, emitíuse informe cuxas consideracións xurídicas resulta do seguinte teor literal:

“A finalidade institucional básica da Provincia vén constituída pola cooperación e asistencia aos concellos.

Co programa Lugo Provincia Cardiosaludable, impleméntase a cooperación horizontal público-público cooperación é ao, mesmo tempo, coa contratación conxunta da subministración dos desfibriladores, perséguese lograr economías de escala, de forma que, o prezo unidade sexa inferior a adquisición da mesma por cada concello individualmente.

Co convenio cuxa aprobación se propón, instruméntase a cooperación entre a Deputación provincial e cada un dos concellos asinantes, con fundamento no interese común que ámbalas dúas institucións comparten é que ten como finalidade o exercicio de competencias propias. Así, por un lado, a Deputación cumpre unha finalidade institucional básica e os concellos dótanse dun



instrumento que incide directamente na atención preventiva da veciñanza e demais usuarios da sede do Concello e doutras edificacións de concorrencia pública

Son competencias propias da Deputación, de conformidade con canto se establece polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso: “A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión...” – artigo 36.1.b da mesma.

Así mesmo, O artigo 30 o real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala no seu artigo 30.1) que: “A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

Medios económicos propios da mesma que se asignen.

Sinalando o parágrafo 2º) do citado artigo que “A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados”.

(...)

A subscrición de convenios administrativos configúrase como unha das formas de cooperación polo artigo 30.6.

Neste mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nomeadamente nos seus artigos 109 a 116 respectivamente.

Os convenios constitúen o instrumento de cooperación preferente, fronte a personificación de estruturas intermedias, segundo se establece polo artigo 57 da Lei 7/1985 e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 86 establece que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou

contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ...”.

A relación interadministrativa cos concellos asinantes que se instrumenta no convenio, é conforme cos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público e respecta os principios de “cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas” establecidos no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro; resultando coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 e 141 da mesma Lei: “lealdade institucional” e “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, consonte aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu artigo 31, promove unha importante acomodación normativa mediante a regulación de fórmulas de cooperación pública vertical e horizontal, establecendo no que á cooperación horizontal se refire, os convenios interadministrativos como instrumentos de formalización da cooperación.

Pola súa banda o parágrafo 2º do citado artigo, habilita especificamente a realización conxunta de contratacións específicas, como no presente caso”

Con fundamento en cando se deixa exposto, formúlase a seguinte proposta de acordo:



1º.- Prestar aprobación ao Programa: Lugo Provincia Cardiosaludable: Programa por medio do que a Deputación dotará de un desfibrilador a cada un dos 49 municipios que formalizaron a solicitude deste equipamento sanitario e que son:

Abadín, Antas de Ulla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Chantada, O Corgo, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Ourel, Outeiro de Rei, Palas, Pantón, Paradela, Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Riotorto, Samos, Sarria, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xermade

2º.- Autorizar un gasto de ata 60.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1350.65009.

3º.- Prestar aprobación ao convenio a asinar con cada un dos corenta e nove concellos, nos termos do que se une como anexo a este informe proposta

4º.- Que unha vez asinado por todos e cada un dos municipios se proceda á tramitación do correspondente procedemento de contratación conxunta da subministración e formación do persoal ao que o concello responsabilice do uso e manexo do desfibrilador”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, visto o informe dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a

Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

-Obras de reparación fachadas y cubierta Residencia y Centro de Día de A Fonsagrada.

Contratista: Construcciones López Urdi, S.L.

Director Técnico: Unidade de Proxectos.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS MUTUOS ACORDOS E FOLLAS DE APRECIO DESTA ADMINISTRACIÓN ACADADOS NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA OBRA FONSGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722)”, P.Q. 0.000 AO 4,350.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data 2 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou a iniciación do expediente de expropiación forzosa para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra: FONSGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)” P.Q. 0,000 ao 4,350.

Con data 23 de setembro de 2019 foron achegados aos titulares de bens e dereitos do expediente expropiatorio meritado, as propostas de Mutuo Acordo que establecen os artigos 24 e seguintes da LEF, e de conformidade co referido texto legal propónse:

Aprobar e propor o pagamento do importe do xustoprezo acadado como mutuo acordo cos



titulares que de seguido se refiren e polos importes que asemade se concretan, xa que, segundo o disposto no artigo 24 da LEF, teñen transcorridos os 15 días establecidos, como prazo para acadar o devandito Mutuo Acordo.

Nº Parcela	Titular/Titulares	Importe
1	Manuel López Vidal	732,06 €
2	María Lidia Fernández Neira ; María Jesús Díaz Fernández ; María Carmen Díaz Fernández	400,60 €
3	José Antonio Fernández Vidal	108,06 €
26	Dolores López Álvarez	37.422,39 €
29	José Antonio Cuiñas López	163,32 €
43	Manuel Pérez Pérez ; María Abraira Sarceda	106,98 €
46	José Antonio Cuiñas López ; Carmen López Pérez	95,18 €
54	Carmen López Fernández	154,35 €
57	Manuel Pérez Pérez ; María Abraira Sarceda	80,85 €
62	Carmen López Fernández	199,15 €
63	José Antonio Cuiñas López ; Carmen López Pérez	144,04 €
68	José Antonio Cuiñas López	136,69 €
73	Manuel Pérez Pérez ; María Abraira Sarceda	111,70 €
79	José Antonio Cuiñas López ; Carmen López Pérez	73,13 €
90	Manuel Pérez Pérez ; María Abraira Sarceda	227,81 €
92	José Antonio Cuiñas López ; Carmen López Pérez	439,88 €
94-b	María Del Carmen Toimil Fernández	92,86 €
102	José Braña Flórez	292,80 €
116	Carmen López Suárez ; Marta López Suárez ; Delia López Suárez	289,00 €
149	Carmen López Suárez ; Marta López Suárez ; Delia López Suárez	1.763,63 €
SUMA:		43.034,48 €

Aprobar as follas de aprecio desta Administración, formuladas polos técnicos do servizo de Expropiacións, relativas aos bens e dereitos afectados aos titulares que non aceptaron o importe da partida alzada ofertada por esta Deputación en concepto de Mutuo Acordo e que se concretan a continuación, e, asemade proceder a súa consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial.

Nº Parcela	Titular/Titulares	Importe
7	Casa Figueiro	44,10 €
9	Monte Comunal Arqueira Parroquia De Cuiñas	1.346,52 €
32	Aquilino López Gómez ; María Filomena López Gómez ; José Manuel López Gómez ; Carmen Gadramán Fernández ; Pedro López Gadramán ; Marcos Antonio López Gadramán	529,20 €
41	ESTADO. DESCONOCIDO	213,26 €
42	ESTADO. DESCONOCIDO	155,82 €
45	Manuel Braña Cancio	86,73 €
50	Marcelino Méndez López	116,85 €
55	Antonia María López	108,78 €
59	Manuel Braña Cancio	94,08 €
71	Manuel Braña Cancio	75,69 €
77	Marcelino Méndez López	116,12 €
78	Domitila Álvarez Ron ; José Manuel Álvarez Ron ; María Paz Samartiño Pérez ; María Benilde Pérez Álvarez ; José Ignacio Sanmartiño Pérez ; Mercedes Fernández Pérez ; Margarita Pérez Álvarez ; Manuel Freijo Álvarez ; Manuel Pérez Álvarez ; Avelino Pérez Álvarez	243,96 €

Nº Parcela	Titular/Titulares	Importe
80	María Antonia López	90,39 €
86	María Antonia López	290,27 €
88	Manuel Braña Cancio	186,04 €
91	Domitila Álvarez Ron ; José Manuel Álvarez Ron ; Manuel Freijo Álvarez ; Mercedes Fernández Pérez ; Margarita Pérez Álvarez ; María Benilde Pérez Álvarez ; María Paz Samartiño Pérez ; José Ignacio Sanmartiño Pérez ; Manuel Pérez Álvarez ; Avelino Pérez Álvarez	299,80 €
96	Domitila Álvarez Ron ; José Manuel Álvarez Ron ; Manuel Freijo Álvarez ; Mercedes Fernández Pérez ; Margarita Pérez Álvarez ; María Benilde Pérez Álvarez ; María Paz Samartiño Pérez ; José Ignacio Sanmartiño Pérez ; Avelino Pérez Álvarez ; Manuel Pérez Álvarez	17,64 €
100	Manuel Braña Cancio	1,47 €
103	Domitila Álvarez Ron ; José Manuel Álvarez Ron ; Manuel Freijo Álvarez ; Mercedes Fernández Pérez ; Margarita Pérez Álvarez ; María Benilde Pérez Álvarez ; María Paz Samartiño Pérez ; José Ignacio Sanmartiño Pérez ; Manuel Pérez Álvarez ; Avelino Pérez Álvarez	8.471,96 €
108	Domitila Álvarez Ron ; José Manuel Álvarez Ron ; Manuel Freijo Álvarez ; Mercedes Fernández Pérez ; Margarita Pérez Álvarez ; María Benilde Pérez Álvarez ; María Paz Samartiño Pérez ; José Ignacio Sanmartiño Pérez ; Manuel Pérez Álvarez ; Avelino Pérez Álvarez	783,70 €
111	Herdeiros De Eduardo Fernández López	2.171,31 €
112	Estrella Álvarez Fernández	3.795,41 €
136	María Ángeles Álvarez Martínez ; Ana María Álvarez Martínez	1.006,58 €
147	ESTADO. DESCONOCIDO	166,72 €
SUMA:		20.412,40 €

De conformidade co artigo 30.2 da LEF, achegar a Folla de Aprecio fundada desta Administración, na que se concreta o valor do obxecto da expropiación, aos titulares cos que non se acadou avinza, para os efectos de que, no prazo dos dez días seguintes de ter recibido a presente notificación, procedan á súa aceptación ou ben a rexeiten, podendo, neste último caso, facer as alegacións que consideren oportunas, proseguíndose, xa que logo, o procedemento coa remisión ao Xurado de Expropiación de Galicia das correspondentes pezas separadas, para os efectos legalmente establecidos, quedando consignados na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial, os importes aprobados no apartado segundo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:



“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias:

Entidade	Subvención
ANPA CEIP PLURILINGUE STO. ESTEVO PARGA	653,00
ASOC. VECIÑAL SEIPAGÓN	582,00
CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA MUIMENTA	783,00
ASOC. SOCIOCULTGURAL BOCA DO MONTE	577,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 440/2019-F.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 440/2019-F, interposto por D. José Luís Carreira Carreira, fronte ao acto administrativo de data 16 de outubro de 2019 polo que se estima parcialmente o recurso de reposición interposto fronte á providencia de apremio relativa á débeda do IVTM dos exercicios 2005 a 2018; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

8.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2/2020-F.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 2/2020-F, interposto por Dona María Pilar Fernández Fontao, fronte a esta Entidade, por en materia de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados nun vehículo ao circular pola estrada LU-P-1611, á altura do P.K. 119,75, debido á existencia dunha fochanca na dita vía; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

9.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Resolución de Presidencia de data 13 de febreiro de 2020, do seguinte teor:

“Tras ver a proposta do asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:



“Antecedentes

Téndose detectado un erro, incardinable no artigo 109.2 da Lei 39/2015, no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 7 de febreiro de 2020 en relación co apartado P, criterios de adxudicación, do cadro resumo do PCAP do expediente EXP004SE20SIM, Contratación do servizo de mantemento integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos CAM da Deputación de Lugo, considérase necesario a corrección do erro detectado consistente en que no apartado “1. Oferta económica. Valorarase cun máximo de 90 puntos”, onde figura: “Valorarase ata un máximo de 85 puntos a aquela empresa que ofrezca o prezo máis baixo, coa seguinte fórmula: $P_i = \min(o) * 85$ ”; debe figurar: “Valorarase ata un máximo de 90 puntos a aquela empresa que ofrezca o prezo máis baixo, coa seguinte fórmula: $P_i = \min(o) * 90$ ”.

Consideracións Legais

Primeira.- Que a competencia orixinaria de contratación pertence á Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda da LCSP 9/2017. Que dita competencia está delegada na Xunta de Goberno, tal e como se desprende do Regulamento orgánico da Deputación de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

Segunda.- Que, habida conta da conveniencia de rectificar coa maior brevidade posible o erro detectado, pode avocarse na Presidencia dita competencia de acordo co disposto no artigo 10.1 da Lei 40/2015 RJSP.

Terceira.- Que a Lei 39/2015 no Art. 109.2 permite ás administracións públicas corrixir de oficio os erros dos que adolezan os seus actos.

Polo que vai dito, proponse que polo Sr. Presidente da Deputación de Lugo se adopte a seguinte Resolución:

Primeiro.- Avocar a competencia corrixindo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 7 de febreiro de 2020 en relación co apartado P, criterios de adxudicación, do cadro resumo do PCAP do expediente EXP004SE20SIM, Contratación do servizo de mantemento

integral dos aparellos elevadores e portas automáticas nos CAM da Deputación de Lugo. Considérase necesario a corrección do erro detectado no apartado “1. Oferta económica. Valorarase cun máximo de 90 puntos”, de tal forma que:

Onde figura: “Valorarase ata un máximo de 85 puntos a aquela empresa que ofrezca o prezo máis baixo, coa seguinte fórmula: $P_i = \min(o) \cdot 85$ ”;

Debe figurar: “Valorarase ata un máximo de 90 puntos a aquela empresa que ofrezca o prezo máis baixo, coa seguinte fórmula: $P_i = \min(o) \cdot 90$ ”.

Segundo.- Integrar a corrección no PCAP nun único documento, con CSV IV66WGXJPRNKRWNPMVS4LYOLY, cuxa variación límitase aos cambios aquí descritos.

Terceiro.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno.

Cuarto.- Efectuada a corrección, continuar coa tramitación do procedemento de licitación”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.